



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia lamentamos profundamente o falecemento do empresario guipuzcoano Ignacio Uria Mendizábal, vítima do execrable atentado terrorista perpetrado hoxe na localidade de Azpeitia.

Presentamos as nosas condolencias, solidariedade e apoio á familia do falecido nestes difíciles momentos.

Os membros da Cámara autonómica rexeitamos radicalmente, unha vez máis e por sempre, calquera forma de violencia e amosamos a nosa máis enérxica condena e repulsa contra a sinrazón da violencia terrorista.

Consideramos indispensable que todas as forzas democráticas traballen en unidade en favor da convivencia en paz e liberdade e na defensa dos dereitos democráticos dos cidadáns.

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 08.